

PROPOSTA DIDÁCTICA

ESO

LINGUA E LITERATURA

4

Agustín Fernández Paz
Xosé Manuel Moo Pedrosa
Ramón Nicolás Rodríguez
Emiliano Orizales Orizales
Anaír Rodríguez Rodríguez
Noa Orizales Iglesias

XERAIS



Lingua e literatura 4º ESO. Proposta didáctica

© Agustín Fernández Paz, Emiliano Orizales Orizales, Xosé Manuel Moo Pedrosa, Ramón Nicolás Rodríguez, Anaír Rodríguez Rodríguez, Noa Orizales Iglesias, 2008

© Edicións Xerais de Galicia, S. A. 2008

Dr. Marañón, 12 - 36211 VIGO

xerais@xerais.es

ISBN: 978-84-9782-865-9

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Índice

Introdución.....	5
Obxectivos didácticos da etapa.....	7
Competencias básicas da etapa.....	9
Obxectivos didácticos de 4º de ESO.....	11
Contidos de 4º de ESO.....	13
Criterios de avaliación de 4º de ESO.....	17
Estrutura de Lingua e literatura 4º de ESO.....	19
Programación por unidades.....	23

Introdución

A área de Lingua galega e literatura na ESO ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e está orientada cara aos seguintes aspectos:

- Aprendizaxe instrumental do idioma.
- Capacidade para interaccionar adecuadamente en diferentes situacións comunicativas (ámbito escolar, social, cultural e profesional) mediante o emprego de mensaxes orais e escritas.
- Comprensión da realidade lingüística de Galicia, adoptando unha actitude de aprecio pola sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social.

A ESO debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita e de representación, así como a conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica.

Os bloques de comunicación oral e escrita céntranse sobre todo no traballo lingüístico das relacións interpersoais e sociais e nas habilidades comunicativas precisas en todas as áreas curriculares, así como no emprego activo dos medios de comunicación e das tecnoloxías da sociedade da información.

Canto ao bloque de funcionamento da lingua, a unidade lingüística fundamental terá que ser o discurso, e as propiedades textuais son un dos piares básicos. A formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas e non existen tanto diferenzas de contidos, canto diferenzas na intensidade con que se traballan. Malia este carácter progresivo na aprendizaxe (que ten sido descrito coa metáfora da espiral), na proposta optouse por presentar contidos separados para cada curso, aínda que na práctica destrezas e coñecementos comparezan conxuntamente. Consideramos importante que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita se efectúen en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia, etc.) aparecen reflectidas na segunda. Así pois, o traballo basearase en actividades interdependentes e complementarias relacionadas coa comprensión e a expresión de enunciados orais e a comprensión e a produción de textos escritos.

No bloque de lingua e sociedade incídese na lingua como transmisora de significados culturais. O alumnado debe comprender e valorar a realidade plurilingüe en que nos movemos, superando os prexuízos que bloquean o uso do galego en determinados contextos ou con determinadas persoas e encarando os condicionamentos sociolingüísticos derivados do proceso de minorización que sofre.

A literatura debe ser abordada dende diferentes perspectivas, de xeito que contribúa á capacitación comunicativa do alumnado ao fornecerlle modelos de lingua apropiados e creativos. A incorporación

ao estudo da materia do importante papel que os medios de comunicación teñen na sociedade actual achega novas técnicas de traballo (procura de información en redes informáticas, uso dos correctores ortográficos, etc.) que veñen sumarse ás estratexias tradicionais (uso dos dicionarios, bibliotecas, etc.). E nesa aprendizaxe multifuncional da lingua ten un papel de relevo a dimensión estética que representa a literatura. O camiño máis axeitado para achegarse a ela é a lectura, como fonte de pracer e de formación, a partir de textos que resulten de interese para alumnas e alumnos, e como manifestación dunha cultura diferenciada.

Na práctica da aula é preciso integrar procedementos, conceptos e actitudes, ademais de traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir de forma comprensiva).

A aprendizaxe lingüística non se fai só na clase de lingua galega e literatura, senón que outros axentes, como os medios de comunicación, a familia, os compañeiros/as e os profesores/as doutras áreas, inciden na adquisición das habilidades comunicativas do alumnado. Esta aprendizaxe non formal presentará resultados moi diferentes en función das características sociolingüísticas do estudantado. Fai-se necesario, polo tanto, partir da análise da realidade de cada centro, de maneira que estas variables se teñan en conta para atender á diversidade e se deseñen aprendizaxes válidas para todos e cada un dos alumnos e alumnas. En calquera caso, recoméndase poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas; aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como as tecnoloxías da información e da comunicación que o centro poña a disposición da comunidade educativa, e mais fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

En relación coa aprendizaxe non formal da lingua, cabe sinalar tamén que cumprirá traballar en equipo co resto do profesorado para converter o centro nun lugar que ofrezca contextos comunicativos diversos en galego que lle fornezan ao alumnado modelos lingüísticos adecuados a cada situación e favorezan as interaccións entre iguais de maneira organizada. O traballo por proxectos que impliquen varias disciplinas é, neste sentido, de grande utilidade. Fundamentalmente, é preciso asegurar a coordinación do profesorado de lingua galega co que imparte as outras linguas no centro: faise preciso buscar a complementariedade das programacións e evitar repeticións innecesarias dos aspectos máis teóricos, o uso de terminoloxías diverxentes para referirse aos mesmos fenómenos, causa de enorme confusión, etc. Sobre todo, hai que buscar a maneira de rendibilizar os coñecementos lingüísticos e literarios que ten o estudantado, aproveitando todos os contidos adquiridos nunha das materias para a aprendizaxe das outras. Unha proposta didáctica integradora das distintas linguas do centro asegura a transferencia de saberes entre elas.

Todas as materias do currículo da Educación Secundaria Obrigatoria precisan da linguaxe, tanto para seren transmitidas como para seren adquiridas. En consecuencia, desenvolver as capacidades lingüísticas, e os obxectivos da materia, non debe ser responsabilidade exclusiva do profesorado de Lingua galega e literatura, senón preocupación compartida por todo o equipo educativo.

Obxectivos didácticos da etapa

- a. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- b. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- c. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- d. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
- e. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- f. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- g. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
- h. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
- i. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- l. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- m. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- n. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

Competencias básicas da etapa

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

- Comprensión crítica da realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.
- Adquisición de destrezas para compartir e respectar saberes e referencias culturais.
- Mellora na práctica de normas sociais de convivencia e no emprego da negociación para chegar a acordos.

COMPETENCIA NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN DIXITAL

- Utilización de ferramentas en soportes variados para mellorar as habilidades de obtención de información: dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...
- Adquisición dos coñecementos axeitados para seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información co fin de transformala en coñecemento.

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

- Creación, comprensión, apreciación e valoración con criterio de todo tipo de manifestacións artísticas.
- Coñecemento e valoración da diversidade lingüística e a expresividade popular da fala como unha riqueza cultural.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- Perfeccionamento da lectura comprensiva.
- Organización das ideas mediante resumos e esquemas.
- Interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios.
- Valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

- Intervención en situacións de comunicación reais ou simuladas.
- Participación en obradoiros de escrita.
- Lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade.
- Uso, de xeito progresivamente autónomo, dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca para manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas.
- Localización e selección da información.
- Utilización da linguaxe como ferramenta para analizar problemas, elaborar plans e tomar decisións.

Obxectivos didácticos de 4º de ESO

- a. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.
- b. Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.
- c. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- d. Escribir textos propios da vida cotiá, das relación sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinión razoadas. Planificar e revisar autonomamente os ditos textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- e. Consultar de maneira autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analizala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integralas nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- f. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.
- g. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.
- h. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- i. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión argumentada sobre a lectura persoal dunha obra clásica da literatura contemporánea atendendo aos seus elementos estruturais e formais.

- l. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, ás innovacións e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- m. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

Contidos de 4º de ESO

BLOQUE I. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo (debates, faladoiros, editoriais radiofónicos...).
- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual, atendendo aos compoñentes verbais e non verbais da comunicación publicitaria.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas...
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa.
- Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en debates, exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes da publicidade e ás mensaxes implícitas e explícitas dos textos argumentativos. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios e mais dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Produción de textos

- Coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, presentacións orais ben organizadas sobre temas de actualidade tomados dos medios de comunicación audiovisual que admitan distintos puntos de vista, diferenciando información, opinión e persuasión e inserindo a propia visión de maneira argumentada e respectuosa.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico, especialmente en autoavaliacións das tarefas realizadas e en presentacións orais, con axuda dos medios audiovisuais e das TIC, de traballos previamente elaborados.

- Participación activa en debates e noutras situacións de comunicación reais ou simuladas onde se expresen opinións acerca dun tema de actualidade do interese do alumnado, ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.
- Uso consciente dos elementos paraverbais (volumen de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) na intervención oral planificada.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situación de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva, en especial á hora de rexeitar peticións e propostas cando sexa conveniente.
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR.

Comprensión de textos

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como contratos ou correspondencia institucional e comercial.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo especialmente aos xéneros de opinión como editoriais, columnas, cartas ao director, etc.
- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación escritos, dos elementos verbais e non verbais que se empregan neles e das súas mensaxes explícitas e implícitas.
- Comprensión de textos do ámbito académico, como os procedentes de dicionarios, glosarios, enciclopedias e outras fontes de información en diversos soportes, incluíndo fragmentos de ensaios.
- Detección do tema e dos subtemas dun texto argumentativo, análise dos argumentos e elaboración de esquemas que reflectan que se captou a súa mensaxe principal e a súa estrutura.
- Utilización autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes da publicidade e dos xéneros de opinión nos medios de comunicación. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios, dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.
- Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego (entoación, fonética sintáctica...) e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

Producción de textos

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intervencións en foros e blogs, curricula vitae, reclamacións e solicitudes, etc.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, como cartas ao director, editoriais, artigos de opinión, columnas, etc.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos e argumentativos, propios do ámbito académico e elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Redacción de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.

- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ás formas de expresión da subxectividade e ao enfoque do tema, sobre todo en exposicións e argumentacións.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo as metáforas, metonimias, paráfrases e comodíns.
- Recoñecemento das principais regras de combinación impostas polos verbos en función dos seus argumentos e revisión das conseguintes estruturas sintácticas e os tipos de oración segundo a natureza do predicado, aplicándoas na construción e revisión de textos; emprego dunha terminoloxía sintáctica apropiada.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos argumentativos, alleos e propios.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, *n* velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.

BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE

- Coñecemento xeral da situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español, con manexo e interpretación de gráficos, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Coñecemento xeral das distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX, con manexo e interpretación de textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- Comprensión da situación sociolingüística de Galicia a través da revisión da presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos e dos factores de normalización, desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios e tecnoloxías da información, que permitan enfrontar e superar prexuízos lingüísticos.

- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega e da función da lingua estándar.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Selección e lectura autónoma de obras fundamentais da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade adecuadas á idade. Recoñecer o papel das personaxes femininas nestas obras.
- Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos poéticos recitados ou cantados das distintas etapas da literatura galega desde o 1900, entendendo e apreciando os recursos empregados, sobre todo os que manifestan as innovacións dos principais movementos, grupos ou autoras e autores.
- Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos da narrativa galega dos séculos XX e XXI, comentando os seus trazos e en especial a incorporación, por parte de certos grupos e autores/as, das novas visións do mundo e das técnicas modernas.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos ou breves obras teatrais galegas dos séculos XX e XXI, recollendo as diversas intencións e formas e resaltando as innovadoras.
- Desenvolvemento de tarefas colectivas sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.
- Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
- Aproveitamento practicamente autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

Criterios de avaliación de 4º de ESO

- a. Identifica a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.
- b. Comprende textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.
- c. Realiza exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, participando de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adopta o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- d. Escribe textos propios da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas. Planifica e revisa autonomamente os ditos textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.
- e. Consulta de maneira autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analízala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e intégralas nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- f. Aplica os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.
- g. Recoñece, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua, e coñece e usa a terminoloxía lingüística adecuada.
- h. Identifica as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega; extrae os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utiliza a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- i. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión argumentada sobre a lectura persoal dunha obra clásica da literatura contemporánea atendendo aos seus elementos estruturais e formais.

- l. Utiliza os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, ás innovacións e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- m. Participa de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explica as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

Estrutura de Lingua e literatura 4º de ESO

O libro de traballo para alumnos e alumnas deste 4º nivel da ESO presenta unha estrutura cunha forte interrelación entre todos os contidos esixidos polo Currículo. Confeccionouse un conxunto de unidades didácticas nas cales, a través dun variado abano de actividades, se van traballando en forma de espiral os distintos contidos, tratando de equilibrar a globalidade e o tratamento específico.

O libro componse dun total de doce unidades, cunha proposta de secuencia de 4 unidades por trimestre. Cada unha destas doce unidades de que consta o libro conta con sete apartados. A cada un destes apartados correspóndelle sempre unha dobre páxina (agás algún caso especial, que conta con dúas dobres páxinas, dado que a extensión ou a consistencia do tema así o requiría). Como apoio aos contidos tratados nestas 12 unidades, inclúense varios apéndices que pretenden servir de apoio para o alumnado. O primeiro deles relativo aos xéneros literarios, onde se pode atopar unha breve explicación do xénero lírico, narrativo e teatral e as súas manifestacións máis comúns. Deseguido incorpórase unha listaxe de termos literarios onde, por orde alfabética, se detallan aqueles conceptos tratados no libro, engadindo exemplos para cada un deles. Seguidamente suxírese un esquema de comentario poético e outro de comentario narrativo, que pode ser de grande utilidade á hora de estruturar uns criterios comúns de análise textual entre o alumnado. Finalmente o apéndice péchase cun breve vocabulario resumido do vocabulario tratado en cada unidade e un despregable cunha liña cronolóxica que permitirá ao alumnado entender a progresión da literatura galega do século XX e comezos XXI.

Os apartados de que se compón o libro son os seguintes:

- 1. LITERATURA / ESCOLMA** (Historia da literatura + escolma de textos)
- 2. LECTURA E TRABALLO CO TEXTO** (Comentario do texto)
- 3. FORMAS DE COMUNICACIÓN** (Técnicas de expresión oral e escrita a partir de textos)
- 4. OS NOMES DAS COUSAS** (Traballo co léxico)
- 5. A LINGUA POR DENTRO** (Morfosintaxe)
- 6. ESCRIBIMOS BEN** (Ortografía, propiedades textuais e técnicas da escrita))
- 7. LINGUA E SOCIEDADE** (Reflexións de sociolingüística)

Examinemos agora os contidos e os tipos de actividades presentes en cada un destes apartados:

1. LITERATURA

Debido a que este cuarto curso é o período en que o alumnado acadou unha maior madurez, imprescindible para comprender e analizar determinados fenómenos históricos e literarios, decidiuse abordar este apartado de literatura de forma eminentemente práctica e comprensiva, fuxindo da aprendizaxe memorística e descontextualizada.

Calquera aproximación á literatura galega ten que ter en conta as circunstancias históricas en que esta tivo que se desenvolver. Con esta finalidade, este apartado inclúe, naquelas unidades que tratan temas estreitamente vinculados á historia española, europea ou universal, unha sintética cronoloxía, tanto histórica como literaria que contribuirá a que os alumnos realicen unha aprendizaxe razoada e comprensiva dos procesos literarios galegos. Asemade inclúese como colofón final do apartado unha breve relación de preguntas cuxa finalidade non é outra que a de facilitarlle a comprensión de todo o exposto no apartado de literatura. A estrutura destas preguntas responde sempre a unha finalidade de compilación e esixe un traballo de relectura e razoamento por parte dos alumnos e alumnas.

Sinalada a importancia da comprensión e da contextualización dos autores nesta proposta didáctica, cabe destacar que por este motivo, o apartado de literatura conta con dúas dobres páxinas en cada unidade, nas cales se desenvolven temas relacionados co contexto económico, social e cultural dos principais autores e tendencias literarias dos séculos XX e XXI en Galicia. As catro páxinas que abren cada unidade teñen un tratamento atractivo, xa que presentan os contidos coma se se tratase das páxinas dunha revista, coa información disposta en cadros de dúas columnas e acompañada de gráficos.

Como apoio ao apartado anterior, os alumnos e alumnas dispoñen dunha escolma de textos de distinta índole: poéticos, teatrais, narrativos, etc., dos cales poderán botar man para complementar a información que sobre os autores e a súa produción literaria se dá no apartado de «Literatura». Os criterios seguidos á hora de facer a selección dos textos son principalmente dous. Un primeiro criterio responde á conveniencia de que o texto fose atractivo, de xeito que os alumnos e alumnas atopasen na escolma un punto de partida para a lectura das obras canónicas galegas. Un segundo criterio foi a representatividade dos textos respecto das épocas ou dos movementos que se estaban a tratar en cada unidade.

2. LECTURA E TRABALLO CO TEXTO

Este apartado está deseñado coa mesma finalidade ca os textos de lectura que abrían as unidades de Lingua e Literatura 3º ESO: textos atractivos e de calidade, que serven de punto de partida para a realización de múltiples actividades de comprensión e expresión textual.

Partindo do texto de traballo, o apartado «Traballo co texto» estrutúrase seguindo un mesmo patrón, cunha proposta de distintos contidos procedementais divididos nas seguintes partes:

- Comprendemos: comprensión textual oral e escrita.
- Expresámonos: expresión oral e produción de textos escritos.
- Reflexionamos: distintos exercicios sobre ortografía, léxico, morfosintaxe, fraseoloxía...

A comprensión e a expresión son os dous eixes fundamentais sobre os que xira toda a actividade deste bloque. Por este motivo, o libro está acompañado dun apéndice onde se poden resolver todas aquelas dúbidas relativas á terminoloxía e tipoloxía literarias; a estrutura dos modelos de análise literarios que se inclúen no apéndice segue o modelo guiado deste apartado.

Co obxectivo de que o alumnado se achegue ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) para ampliar coñecementos, nos casos en que é pertinente faise referencia a unha ou varias páxinas web sobre o autor ou autora ou sobre algún aspecto traballado na dobre páxina.

3. FORMAS DE COMUNICACIÓN

Agrúpanse neste apartado todos os contidos e todas as propostas referidas ao estudo e á práctica da tipoloxía textual así como aquelas referidas ao fomento da creatividade literaria. Mentres que na dobre páxina anterior as actividades viñan dadas en función das posibilidades da lectura, neste apartado os contidos de cada unidade están programados de antemán, de maneira que seguen unha secuencia definida.

Este apartado, como é natural, trabállase tomando como punto de partida un amplo e variado abano de textos, que serven de exemplo para os contidos cognitivos que se queren transmitir.

Como é un apartado moi orientado á aprendizaxe de procedementos, atopamos nel moitas actividades que invitan aos rapaces e rapazas a realizar os seus propios textos, de acordo coas pautas que se lles dan. Nesta liña, ao longo das 12 unidades atópanse espalladas diversas propostas prácticas encamiñadas a facer brotar o espírito creador e literario do alumnado, que van dende a elaboración de reflexións persoais ata a creación colectiva.

4. OS NOMES DAS COUSAS

O estudo e ampliación do léxico ocupa un lugar importante en cada unha das unidades deste libro. Seleccioneuse un campo léxico para cada unidade, e foi abordado con enfoques moi diversos, a través de moitas ilustracións (realizadas por Santy Gutiérrez e Marcos González) e cunha variada gama de actividades, que buscan a ampliación do léxico activo dos alumnos e alumnas.

Co obxecto de que o vocabulario tivese unha aplicación eminentemente práctica, fíxose unha selección daqueles campos semánticos máis estreitamente ligados á realidade do alumnado (as relacións sociais, o Entroido, as vacacións, as accións, a reciclaxe, etc.).

5. A LINGUA POR DENTRO

A reflexión metalingüística ocupa un lugar importante na etapa da ESO, sempre que se aborde dende unha perspectiva instrumental. De aí que teña reservada unha dobre páxina de cada unha das unidades.

Nesta dobre páxina, dun xeito secuenciado, abórdanse os contidos seleccionados para cada nivel, sempre dende un enfoque eminentemente práctico. A ampla e variada oferta de actividades, así como os numerosos textos que serven de exemplo, poden ser útiles para que o alumnado aprenda satisfactoriamente uns contidos que tradicionalmente se consideraron áridos.

Os contidos conceptuais máis importantes aparecen claramente destacados, mediante filetes ou mediante cadros de cores que permiten que o alumnado poida discriminar con facilidade cal é a información principal e cal a secundaria.

Este apartado inclúe sempre un cadro final no cal se resume o contido esencial da dobre páxina, onde se fan constar as principais funcións ou relacións estudadas no tema. Tamén inclúe un texto inicial que permitirá ao alumnado realizar unha análise comprensiva e non desligada do seu contexto.

6. ESCRIBIMOS BEN

Esta dobre páxina céntrase tanto no tratamento das propiedades textuais como na aplicación da normativa ortográfica.

A primeira parte desta dobre páxina está reservada para os contidos de gramática textual (propiedades do texto, mecanismos de cohesión textual e técnicas da escrita).

A corrección ortográfica non vén garantida por coñecer ou non determinadas normas, pero tamén é certo que o estudo e reflexión sobre estas contribúe a que se dea unha escrita sen erros ortográficos. Por iso, a segunda parte desta dobre páxina resérvase para traballar contidos relacionados coa corrección ortográfica (puntuación, maiúsculas e minúsculas, normas de redacción, etc.).

7. LINGUA E SOCIEDADE

Esta dobre páxina de cada unidade resérvase para o tratamento e estudo de contidos de carácter esencialmente sociolingüístico. Estes contidos están presentes ao longo de todas as páxinas do libro, en actividades, en textos, pero aquí teñen un tratamento singular.

Esta dobre páxina constitúe un espazo para a reflexión e para a análise dos distintos factores que condicionan o uso e o desenvolvemento da lingua galega, reparando naquelas actitudes que resultan máis perniciosas para o avance da nosa lingua.

Programación por unidades

Neste apartado iranse detallando, unidade por unidade, os obxectivos didácticos, as competencias básicas, os contido e os criterios de avaliación.

Unidade 1

1. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	1. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer a situación histórica de Galicia no primeiro terzo do século XX. • Valorar a importancia das Irmandades da Fala e do movemento agrario na historia de Galicia. • Identificar os elementos temáticos e estruturais nas obras de Ramón Cabanillas, así como os recursos retóricos e estilísticos utilizados. • Comprender o sentido global dun texto poético e identificar o seu tema principal e os seus aspectos connotativos. • Reflexionar sobre a propia identidade aprendendo a plasmar a través da escrita as nosas impresións e modo de percibir o mundo. • Ampliar o léxico persoal mediante a adquisición e o uso do referido ao campo léxico do tempo cronolóxico. • Utilizar os dicionarios para buscar información etimolóxica, semántica, gramatical e ortográfica sobre determinadas palabras. • Recoñecer as funcións das unidades que forman un enunciado e das relacións que se establecen entre esas unidades. • Valorar criticamente os textos propios e alleos tendo en conta a situación comunicativa para a que foron creados. • Aceptar de forma comprensiva as normas internas da lingua e fomentar o interese por adquirir un dominio progresivo da súa gramática. • Recoñecer os erros máis habituais na produción de textos escritos: silepses e anacolutos. • Identificar as distintas linguas que conviven no Estado español e coñecer de modo global a situación lexislativa na que se atopa cada unha delas. • Reflexionar de forma crítica sobre o recoñecemento que se lle outorga ás diferentes linguas no eido administrativo, identificando as áreas nas que o feito plurilingüe é unha realidade e nas que non. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manexo do dicionario para buscar o significado contextualizado de determinadas palabras dun poema. • Coñecemento da situación histórica de Galicia no primeiro terzo do século XX. • Identificación das características estruturais dos textos escolmados da obra de Ramón Cabanillas e Villar Ponte. • Comprensión do sentido global dun texto poético de Cabanillas, identificando o tema principal, o eu poético, os aspectos connotativos, e os recursos retóricos e estilísticos propios do autor presentes na obra. • Reflexión sobre a propia identidade aprendendo a plasmar a través da escrita as nosas impresións e modo de percibir o mundo. • Realización de actividades de ampliación do léxico do campo semántico tratado (o tempo cronolóxico). • Recoñecemento das funcións das unidades que forman un enunciado e das relacións que se establecen entre elas. • Elaboración de varios textos escritos representativos de situacións comunicativas distintas, valorando a súa temática e a súa intencionalidade. • Aceptación de forma comprensiva das normas internas da lingua e fomento do interese por adquirir un dominio progresivo da gramática. • Identificación dos erros máis habituais que se dan na produción de textos escritos: silepses e anacolutos. • Identificación das linguas que conviven no Estado español e coñecemento global da situación lexislativa na que se atopa cada unha delas. • Reflexión crítica sobre o recoñecemento que se lle outorga ás diferentes linguas no eido administrativo, identificando as áreas nas que o feito plurilingüe é unha realidade e nas que non.

1. C) CONTIDOS	1. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Galicia no primeiro terzo do século XX; as Irmandades da Fala. • O movemento agrario. • Ramón Cabanillas. A súa vida e obra. Principais características da súa produción literaria. • A expresión persoal. • Campo semántico: o tempo cronolóxico. • Sintaxe: unidades e funcións. • Relacións sintácticas de subordinación, coordinación e interdependencia. • As propiedades do texto: a adecuación a cada situación comunicativa. • Os anacolutos e as silepses. • A situación das linguas do Estado español. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece a situación histórica de Galicia no primeiro terzo do século XX. • Valora a importancia das Irmandades da Fala e do movemento agrario na historia de Galicia. • Identifica os elementos temáticos e estruturais presentes nas obras de Ramón Cabanillas, así como os recursos retóricos e estilísticos utilizados. • Comprende o sentido global dun texto poético e identifica o seu tema principal e os seus aspectos connotativos. • Reflexiona sobre a propia identidade e plasma a través da escrita impresións e percepcións. • Amplía o léxico persoal mediante a adquisición e o uso do referido ao campo léxico do tempo cronolóxico. • Utiliza os dicionarios para buscar información etimolóxica, semántica, gramatical e ortográfica sobre determinadas palabras. • Recoñece as funcións das unidades que forman un enunciado e as relacións que se establecen entre esas unidades. • Valora criticamente os textos propios e alleos tendo en conta a situación comunicativa para a que foron creados. • Acepta de forma comprensiva as normas internas da lingua e interésase por adquirir un dominio progresivo da súa gramática. • Recoñece os erros máis habituais que se dan na produción de textos escritos: silepses e anacolutos. • Identifica as distintas linguas que conviven no Estado español e coñece de modo global a situación lexislativa na que se atopa cada unha delas. • Reflexiona de forma crítica sobre o recoñecemento que se lle outorga ás diferentes linguas no eido administrativo e analiza o porqué da situación.

Unidade 2

2. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	2. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer o labor realizado polos membros da Xeración Nós entre 1923 e 1936. • Valorar a importancia histórica do esforzo cultural e normalizador que fixeron os membros da Xeración Nós, así como o seu papel decisivo na consolidación e modernización da cultura galega. • Coñecer os aspectos máis relevantes que caracterizan a obra de Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco. • Ampliar información sobre determinados autores ou temas de interese consultando páxinas de Internet. • Planificar e revisar as propias producións escritas. • Ampliar o léxico persoal mediante a adquisición e o uso do referido ao campo léxico dos sentidos. • Identificar as diferenzas entre frases simples e complexas, así como as relacións que se establecen entre os seus elementos constituíntes. • Diferenciar entre textos connotativos e denotativos. • Identificar elipses e redundancias e aplicar as correccións oportunas para mellorar as propias producións. • Adquirir unha perspectiva xeral da historia da lingua galega dende comezos do século XX ata a Guerra Civil para comprender a evolución do uso social do galego. • Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para atopar información de difícil acceso e contrastar as informacións dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento do labor realizado polos membros da Xeración Nós entre 1923 e 1936. • Valoración da importancia histórica do esforzo cultural e normalizador que fixeron os membros da Xeración Nós, así como o seu papel decisivo na consolidación e modernización da cultura galega. • Coñecemento dos aspectos máis relevantes que caracterizan a obra de Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco. • Ampliación de información sobre determinados autores ou temas de interese consultando páxinas de Internet. • Planificación e revisión das propias producións escritas. • Ampliación do léxico persoal mediante a adquisición e o uso do referido ao campo léxico dos sentidos. • Identificación das diferenzas entre frases simples e complexas, así como das relacións que se establecen entre os seus elementos constituíntes. • Diferenciación entre textos connotativos e denotativos. • Identificación de elipses e redundancias e aplicación das correccións oportunas para mellorar as propias producións. • Adquisición dunha perspectiva xeral da historia da lingua galega dende comezos do século XX ata a Guerra Civil para comprender a evolución do uso social do galego. • Emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para atopar información de difícil acceso e contrastar as informacións dadas.

2. C) CONTIDOS	2. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Os tempos do grupo Nós: a época que vai de 1923 a 1936. Contexto histórico, social e lingüístico en Galicia. • O grupo Nós e o seu labor. • Vicente Risco. Perfil biobibliográfico e claves do seu pensamento. • Ramón Otero Pedrayo. Perfil biobibliográfico e claves do seu pensamento. • Procedementos para a produción dun texto: planificación, construción, revisión e presentación. • Campo semántico: o mundo dos sentidos. • Sintaxe: a frase simple e complexa. Distinción entre frases endocéntricas e exocéntricas e a súa subtipoloxía. • A intención do texto: denotación e connotación. • A elipse e a redundancia. • Historia da lingua galega: de principios do século XX á Guerra Civil. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece o labor realizado polos membros da Xeración Nós entre 1923 e 1936. • Valora a importancia histórica do esforzo cultural e normalizador que fixeron os membros da Xeración Nós, así como o seu papel decisivo na consolidación e modernización da cultura galega. • Coñece os aspectos máis relevantes que caracterizan a obra de Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco. • Amplía información sobre determinados autores ou temas de interese consultando páxinas de Internet. • Planifica e revisa as propias producións escritas. • Amplía o léxico persoal mediante a adquisición e o uso do referido ao campo léxico dos sentidos. • Identifica as diferenzas entre frases simples e complexas, así como as relacións que se establecen entre os seus elementos constituíntes. • Distingue os textos connotativos dos denotativos. • Identifica elipses e redundancias e aplica os correctivos oportunos para mellorar as propias producións. • Posúe unha perspectiva xeral da historia da lingua galega dende comezos do século XX ata a Guerra Civil e comprende a evolución do uso social do galego. • Emprega as tecnoloxías da información e a comunicación para atopar información de difícil acceso e contrastar as informacións dadas.

Unidade 3

3. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	3. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Comprender os principais aspectos do contexto político, social e cultural (anos da República, do Estatuto, da Guerra Civil e do exilio) en que se desenvolveu a vida e a obra de Castelao. • Tomar conciencia da importancia histórica de Castelao, tanto no eido cívico como no cultural, e da fonda dimensión simbólica que na actualidade teñen a súa figura e a súa obra. • Fomentar o estudo e lectura das distintas manifestacións artísticas creadas por Castelao. • Ampliar o espectro de producións culturais e artísticas en lingua galega ás que accede o alumnado. • Organizar o lanzamento dun xornal escolar respectando as normas de produción do xénero xornalístico. • Ampliar o léxico persoal mediante a adquisición de léxico propio do campo semántico estudado (as relacións sociais). • Coñecer e identificar as cláusulas simples e complexas. • Recoñecer as estruturas sintácticas que se corresponden coas oracións bipolares e coordinadas. • Reorganizar e redactar textos atendendo aos principios de coherencia estudados nesta unidade. • Redactar textos sen caer en cacofonías nin ambigüidades. • Identificar os elementos que propiciaron un contexto oposto ao mantemento do galego logo da Guerra Civil e comprender as causas da súa posterior recuperación. • Recoñecer a importancia que a rexeneración cultural posterior aos anos cincuenta tivo sobre o galego e o modo en que este chegou ata os nosos días. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura e análise das distintas tipoloxías (narrativas, pictóricas, teatrais e ensaísticas) producidas por Castelao. • Coñecemento dos principais aspectos biográficos de Daniel Castelao, así como do seu papel como político e símbolo do galeguismo. • Coñecemento da obra narrativa, ensaística e dramática de Castelao. • Lectura e análise de diversos textos literarios de Castelao, identificando os elementos temáticos e estruturais presentes neles, así como os recursos gráficos, retóricos e estilísticos empregados. • Participación na creación dun xornal escolar e elaboración de artigos para o mesmo. • Realización de actividades de ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata: as relacións sociais. • Distinción entre cláusulas simples e complexas. • Identificación de oracións bipolares e coordinadas. • Reorganización e redacción de textos atendendo aos principios de coherencia estudados. • Redacción de textos propios evitando cacofonías e ambigüidades. • Identificación dos elementos que propiciaron un contexto oposto ao mantemento do galego logo da Guerra Civil e comprensión das causas da súa posterior recuperación. • Recoñecemento da importancia que a rexeneración cultural posterior aos anos cincuenta tivo sobre o galego e o modo en que este chegou ata os nosos días.

3. C) CONTIDOS	3. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • A figura de Castelao. A súa vida e a súa dimensión política. • Castelao e as claves da súa obra: a súa narrativa e os seus ensaios. • Castelao como pintor e debuxante. • O xornal escolar. • Campo semántico: as relacións sociais. • Cláusulas simples e cláusulas complexas. • Iniciación ás oracións bipolares e coordinadas. • A coherencia textual: cantidade de información, claridade, organización das ideas, progresión lóxica e ausencia de contradicións. • A ambigüidade e a cacofonía. • Historia da lingua galega dende a posguerra ata hoxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende os principais aspectos do contexto político, social e cultural (anos da República, do Estatuto, da Guerra Civil e do exilio) en que se desenvolveu a vida e a obra de Castelao. • Sabe da importancia histórica de Castelao, tanto no eido cívico como no cultural, e da fonda dimensión simbólica que na actualidade teñen a súa figura e a súa obra. • Achégase ás distintas manifestacións artísticas creadas por Castelao e interésase polo seu estudo. • Redacta os seus propios textos xornalísticos e contribúe á organización do xornal escolar. • Amplía o léxico persoal mediante a adquisición de léxico propio do campo semántico estudado (as relacións sociais). • Coñece e identifica as cláusulas simples e complexas. • Recoñece as estruturas sintácticas que se corresponden coas oracións bipolares e coordinadas. • Reorganiza e redacta textos atendendo aos principios de coherencia estudados nesta unidade. • Redacta textos sen facer uso de cacofonías nin ambigüidades. • Identifica os elementos que propiciaron un contexto oposto ao mantemento do galego logo da Guerra Civil e comprende as causas da súa posterior recuperación. • Recoñece a importancia que a rexeneración cultural posterior aos anos cincuenta tivo sobre o galego e o modo en que este chegou ata os nosos días.

Unidade 4

4. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	4. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o contexto social e cultural que se deu en Europa nos anos posteriores á Primeira Guerra Mundial, e que posibilitou a aparición das vangardas artísticas. • Coñecer e valorar os principais movementos de vangarda e identificar as técnicas empregadas por cada un deles nas obras de autores galegos das primeiras décadas do XX. • Valorar a produción textual de Manuel Antonio, Rafael Dieste e Luís Amado Carballo, tendo en conta a situación económica, cultural e política dos anos 20. • Interpretar as producións poéticas das vangardas empregando os recursos teóricos aprendidos na unidade. • Coñecer as actitudes e valores básicos da nosa tradición cultural máis recente e valoralos criticamente elixindo as opcións que mellor favorezan o desenvolvemento integral como persoas dos alumnos. • Empregar con corrección a técnica do mapa conceptual como forma de representar graficamente as ideas ordenadas segundo importancia. • Ampliar o léxico persoal mediante a adquisición e o uso do referido ao campo léxico do inverno e do Nadal. • Identificar, razoando con corrección e exactitude, as funcións que se dan dentro da cláusula: predicado e suxeito. • Empregar pronomes, adverbios, repeticións, sinónimos, elipses e conectores para cohesionar un texto. • Usar correctamente os signos de puntuación en todas as súas modalidades, tomando conciencia da importancia que un bo uso deles ten na produción de textos escritos e na súa lectura pública. • Tomar conciencia da situación sociolingüística de Galicia comprendendo a necesidade de avanzar no proceso de normalización lingüística, tanto individual como socialmente. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión do contexto social e cultural que se deu en Europa e en Galicia nos anos posteriores á Primeira Guerra Mundial e que favoreceu a aparición dos movementos de vangarda, que pretendían reflectir as novas formas da vida moderna. • Coñecemento do que significaron os movementos de vangarda na renovación das artes en xeral e da literatura en particular. • Valoración do papel renovador desempeñado en Galicia polos homes da xeración de 1922. • Lectura e comprensión de textos de Manuel Antonio, Rafael Dieste e Luís Amado Carballo, atendendo ás características anovadoras presentes neles e identificando os elementos temáticos e os recursos retóricos e estilísticos propios do movemento de vangardas. • Lectura e análise de diversos textos literarios de Manuel Antonio e Luís Amado Carballo, identificando elementos temáticos e estruturais presentes neles, así como os recursos retóricos e estilísticos empregados. • Aplicación do mapa conceptual como técnica da comprensión e da expresión textual. • Realización de actividades de ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (o inverno e o Nadal). • Identificación en distintos textos e frases das funcións dunha cláusula: predicado e suxeito. • Reflexión sobre as propias producións textuais e presenza nelas de signos de puntuación, e introdución de puntuación en textos alleos. • Recoñecemento da situación sociolingüística de Galicia e comprensión da necesidade de avanzar no proceso de normalización lingüística, tanto individual como socialmente.

4. C) CONTIDOS	4. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • A orixe dos movementos de vangarda. • O futurismo, o cubismo, o dadaísmo e o surrealismo. • As vangardas en Galicia e na pintura galega. • A xeración de 1922. As liñas de renovación poética: o imaxinismo, o neotrobadorismo e o vangardismo. • Manuel Antonio: a súa vida, a súa obra e a súa contribución ás vangardas. • Aproximación á figura de Rafael Dieste. • Luís Amado Carballo e a súa técnica poética. • O mapa conceptual: directrices para a súa elaboración. • Campo semántico: o inverno e o Nadal. • O suxeito e o predicado: elementos que desempeñan esas funcións dentro da cláusula. • O uso de pronomes, adverbios, repeticións, sinónimos, elipses e conectores para cohesionar un texto. • O uso da puntuación: o punto, a coma, o punto e coma. • A situación sociolingüística de Galicia na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende o contexto social e cultural que se deu en Europa nos anos posteriores á Primeira Guerra Mundial, e que posibilitou a aparición das vangardas artísticas. • Coñece e valora os principais movementos de vangarda e identifica as técnicas empregadas por cada un deles nas obras de autores galegos das primeiras décadas do XX. • Valora a produción textual de Manuel Antonio, Rafael Dieste e Luís Amado Carballo, tendo en conta a situación económica, cultural e política dos anos 20. • Interpreta correctamente as producións poéticas das vangardas empregando os recursos teóricos aprendidos na unidade. • Coñece as actitudes e valores básicos da nosa tradición cultural máis recente e valóraos criticamente. • Emprega con corrección a técnica do mapa conceptual como forma de representar graficamente as ideas ordenadas segundo importancia. • Amplía o léxico persoal mediante a adquisición e o uso do referido ao campo léxico do inverno e do Nadal. • Identifica, razoando con corrección e exactitude, as funcións que se dan dentro da cláusula: predicado e suxeito. • Emprega pronomes, adverbios, repeticións, sinónimos, elipses e conectores para cohesionar un texto. • Usa correctamente os signos de puntuación en todas as modalidades, tomando conciencia da importancia que un bo uso deles ten na produción de textos escritos e na súa lectura pública. • Recoñece a situación sociolingüística de Galicia e comprende necesidade de avanzar no proceso de normalización lingüística, tanto individual como socialmente.

Unidade 5

5. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	5. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer o contexto político, social e cultural que houbo en Galicia nos anos da guerra e da posguerra, e analizar criticamente as consecuencias que este contexto represivo tivo para a cultura galega. • Comprender e valorar o papel xogado polos núcleos culturais que fixeron posible a continuidade da cultura galega na posguerra. • Valorar unha das figuras literarias máis importante do século XX, Álvaro Cunqueiro, comprendendo o mundo narrativo que creou e a vixencia do seu estilo na narrativa actual. • Coñecer os trazos fundamentais da vida e da obra de Cunqueiro, valorando o seu papel decisivo na renovación da narrativa galega. • Valorar as narracións orais como parte do noso acervo literario e cultural. • Valorar a creación literaria como canle para a expresión dos propios sentimentos. • Ampliar o léxico persoal mediante a adquisición e o uso do referido ao campo léxico da cidadanía activa. • Realizar unha correcta análise sintáctica identificando os complementos indirectos, os complementos directos e os complementos axente, valorando a importancia de coñecer o funcionamento interno dunha lingua. • Fomentar a limpeza e a boa caligrafía nas propias producións textuais. • Utilizar a deixé como procedemento para reforzar a cohesión dun texto. • Coñecer e usar correctamente as regras de puntuación. • Valorar criticamente os prexuízos e actitudes lingüísticas que continúan presentes na nosa sociedade en relación co galego a pesar de se ter producido a institucionalización do idioma. • Concienciar ao alumnado da situación actual que vive a lingua galega e as posibilidades de melloralas que están nas súas mans. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento do contexto social, cultural e lingüístico da Galicia dos anos de posguerra e análise das consecuencias que a represión tivo para a cultura galega. • Comprensión e valoración dos intentos de activación da vida cultural galega tras a Guerra Civil por parte da editorial Galaxia, así como do papel xogado polos núcleos culturais que continuaron o labor cultural na posguerra. • Lectura dos textos máis representativos da produción de Álvaro Cunqueiro, poñendo especial atención nos trazos máis relevantes que caracterizan a súa obra narrativa. • Produción de creacións literarias propias como vía para a expresión de sentimentos e vivencias propias. • Realización de actividades de ampliación do léxico propio do campo semántico tratado (somos cidadáns). • Identificación das funcións sintácticas estudadas neste tema, tanto en frases illadas como en frases integradas en textos: o complemento directo, indirecto e o complemento axente. • Recoñecemento nun texto dado das unidades que desempeñan as funcións tratadas no tema. • Localización e recoñecemento da deixé como mecanismo de cohesión textual. • Adecuación de textos a distintos espazos, prestando especial atención ás regras de puntuación. • Análise da situación sociolingüística de Galicia na actualidade valorando as vantaxes e inconvenientes que a institucionalización da lingua supuxo para o galego e adopción dunha posición crítica fronte ás informacións dadas.

5. C) CONTIDOS	5. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Estatuto de Autonomía e a Guerra Civil en Galicia. • A represión e os anos de posguerra en Galicia. • Os intentos de reinicio do labor cultural en Galicia: a fundación da editorial Galaxia. • Álvaro Cunqueiro. Perfil biográfico e aspectos principais da súa narrativa e da súa obra poética e teatral. • A oralidade e a fantasía na literatura de Álvaro Cunqueiro. • O alfabeto: fundamentos de creación literaria. • Campo semántico: somos cidadáns. • As funcións sintácticas dentro da cláusula e unidades que as desempeñan: o complemento directo, o complemento indirecto e complemento axente. • Procedementos de cohesión textual: a déixe. • O uso da puntuación: dous puntos e puntos suspensivos. • A institucionalización da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece o contexto social, cultural e lingüístico da Galicia dos anos de posguerra e analiza as consecuencias que a represión tivo para a cultura galega. • Comprende os intentos de activación da vida cultural galega tras a Guerra Civil por parte da editorial Galaxia, así como do papel xogado polos núcleos culturais que continuaron o labor cultural na posguerra. • Le os textos máis representativos da produción de Álvaro Cunqueiro, poñendo especial atención nos trazos máis relevantes que caracterizan a súa obra narrativa. • Produce creacións literarias propias como vía para a expresión de sentimentos e vivencias propias. • Realiza actividades de ampliación do léxico propio do campo semántico tratado (somos cidadáns). • Identifica as funcións sintácticas estudadas nesta unidade, tanto en frases illadas como en frases integradas en textos: o complemento directo, indirecto e o complemento axente. • Recoñece nun texto dado as unidades que desempeñan as funcións tratadas no tema. • Localiza e recoñece a déixe como mecanismo de cohesión textual. • Adecúa os textos a distintos espazos, prestando especial atención ás regras de puntuación. • Analiza a situación sociolingüística actual de Galicia e valora as vantaxes e inconvenientes que a institucionalización da lingua supuxo para o galego, e adopta unha posición crítica fronte ás informacións dadas.

Unidade 6

6. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	6. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
<ul style="list-style-type: none"> • Observar os recursos propios da tradición oral empregados por Ánxel Fole na súa produción narrativa, prestando especial atención aos trazos referentes ás crenzas, experiencias parapsicolóxicas e supersticións que lle serven para retratar unha Galicia misteriosa e máxica. • Ler e analizar, temática e formalmente, diversos textos poéticos de Luís Pimentel, prestando especial atención aos eixes sobre os que xira a súa obra: a soidade, o paso do tempo e a morte. • Ler e analizar diversos textos poéticos de Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro, comparando ambas as dúas tipoloxías estruturais e temáticas. • Ler, comprender e analizar os distintos aspectos dun texto (texto expositivo). • Realizar actividades de ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (o Entroido e os produtos típicos desta festa). • Identificar e recoñecer os complementos circunstanciais nun enunciado, así como as unidades que poden desempeñar esa función. • Identificar o suplemento nun enunciado e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal. • Elaborar textos escritos empregando a referencia interna como procedemento de cohesión. • Usar as normas ortográficas con corrección no referente ao emprego de parénteses e comiñas. • Coñecer de modo global as normativas que recoñecen a oficialidade da lingua galega. • Tomar conciencia sobre a importancia da normalización de cara a conseguir que os dereitos lingüísticos das linguas minoritarias se poidan exercer libremente. 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación dos recursos propios da tradición oral empregados por Ánxel Fole na súa produción narrativa, prestando especial atención aos trazos referentes ás crenzas, experiencias parapsicolóxicas e supersticións que lle serven para retratar unha Galicia misteriosa e máxica. • Lectura e análise, temática e formal, de diversos textos poéticos de Luís Pimentel, prestando especial atención aos eixes sobre os que xira a súa obra: a soidade, o paso do tempo e a morte. • Lectura e análise de diversos textos poéticos de Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro, comparando ambas as dúas tipoloxías estruturais e temáticas. • Lectura, comprensión e análise dos distintos aspectos dun texto (texto expositivo). • Realización de actividades de ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (o Entroido e os produtos típicos desta festa). • Identificación e recoñecemento dos complementos circunstanciais nun enunciado, así como das unidades que poden desempeñar esa función. • Identificación do suplemento nun enunciado e dos distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal. • Elaboración de textos escritos empregando a referencia interna como procedemento de cohesión. • Uso das normas ortográficas con corrección no referente ao emprego de parénteses e comiñas. • Coñecemento de modo global as normativas que recoñecen a oficialidade da lingua galega. • Concienciación sobre a importancia da normalización de cara a conseguir que os dereitos lingüísticos das linguas minoritarias se podan exercer libremente.

6. C) CONTIDOS	6. D) CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Ánxel Fole. Perfil biográfico e principais características da súa obra. O retrato da Galicia máxica e popular e a oralidade na súa produción. • A poesía dos anos cincuenta: Luís Pimentel. • Os poetas da xeración do 36: Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro. • Os textos expositivos. • Campo semántico: o Entroido e os produtos típicos desa festa. • O complemento circunstancial e o suplemento. • Procedementos de cohesión: referencia interna. • Uso das parénteses e as comiñas. • Os dereitos lingüísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Valora a importancia cultural que tivo a obra de Ánxel Fole, e identifica a vixencia e influencia desta obra na actualidade. • Le e analiza, temática e formalmente, diversos textos poéticos de Luís Pimentel, prestando especial atención aos eixes sobre os que xira a súa obra: a soidade, o paso do tempo e a morte. • Le e analiza diversos textos poéticos de Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro, comparando ambas as dúas tipoloxías estruturais e temáticas. • Aprecia o patrimonio literario propio, e entende que se trata dunha expresión lingüística e cultural da identidade colectiva. • Le, comprende e analiza os distintos aspectos dun texto expositivo. • Realiza actividades de ampliación do léxico propio do campo semántico que se trata (o Entroido e os produtos típicos desta festa). • Identifica e recoñece os complementos circunstanciais nun enunciado, así como as unidades que poden desempeñar esa función. • Identifica o suplemento nun enunciado e os distintos tipos de unidades que poden funcionar como tal. • Elabora textos escritos empregando a referencia interna como procedemento de cohesión. • Usa as normas ortográficas con corrección no referente ao emprego de parénteses e comiñas. • Coñece de modo global as normativas que recoñecen a oficialidade da lingua galega. • Comprende o estado actual dos dereitos lingüísticos en Galicia e mantén unha postura crítica perante as distintas medidas encamiñadas a mellorar a presenza do galego en ámbitos nos que ata o de agora estaba excluído.

Unidade 7

7. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	7. B) COMPETENCIAS BÁSICAS
